

# ARBORETO


## do Campus de Pontevedra



Algunhas das árbores do campus contan cun pequeno letreiro grazas ao cal poderás coñecer o nome común en galego e o nome científico da especie, así como a familia e a procedencia da mesma. Ademais, os letreiros teñen grabado un código QR a través do que, mediante o teu móvil, poderás acceder a información adicional acerca da especie.




China, Corea, Xapón, Montañas do Himalaia, Illas Canarias, Estados Unidos, Europa, Nova Zelanda... No Arboreto do Campus de Pontevedra poderás atopar especies procedentes de moitas e diferentes partes do mundo. Hai árbores nativas de ata 40 rexións diferentes!



Seguindo a ruta proposta, na parcela número un do Arboreto, sitúase a área de descanso. Nela atópanse tres bancos de madeira baixo a sombra dun grupo de álamos brancos (*Populus alba*) e un par de plátanos de sombra (*Platanus x hispanica*). 

Escola de Enxeñaría Forestal

Universidade de Vigo



A ruta do Arboreto do Campus de Pontevedra, está deseñada para observar todas as especies do campus de maneira cómoda, gozando do percorrido e rematando no mesmo punto de partida.


**Lonxitude da ruta:** 2000 metros

**Dificultade da ruta:** Baixa

**Pendente media:** 1 %

**Punto máis alto:** 11 m

**Punto máis baixo:** 4 m



Guía interactiva

Accede ao Arboreto do campus de Pontevedra dende Google Maps.

Dende o teu teléfono móbil ou dispositivo poderás guiarte a tempo real polo entorno do Arboreto e descubrir o nome de cada árbore xunto con moita más información adicional.

